

## **CONTIDOS MÍNIMOS. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL**

### **1º ESO EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL**

- A comunicación visual. Elementos da comunicación visual.
- A cor como fenómeno físico e visual. Mezclas aditivas e sustractivas. O círculo cromático. O valor simbólico da cor. Técnicas e materiais plásticos: os lápices de cores e as ceras.
- As texturas visuais e táctiles. Orixe das texturas: naturais e artificiais. Cualidades expresivas.
- O debuxo do natural como recurso para expresar bidimensionalmente o noso entorno. O debuxo abstracto e o debuxo figurativo. Relación figura-fondo. Medición das dimensións, o encaixado. O claroscuro. O volume e o espacio.
- A liña como elemento xeométrico. Diferentes posicións de rectas entre sí e os seus trazados. O ángulo, as súas clases e trazados. Instrumentos e materiais técnicos.
- Os polígonos e os métodos para o seu trazado. Métodos particulares: o cadrado e o octógono, o triángulo e o hexágono. Os polígonos estrelados.
- Formas rectilíneas, regulares, mixtilíneas e orgánicas. Formas iguais e formas simétricas. Tipos de simetría: axial, central, radial.
- Planos e volumes. Paso do plano ó volume. Volumes a partires de desenvolvementos.
- Representación de volumes en dous dimensións. As vistas dun corpo volumétrico. Introducción ás perspectivas: cabaleira e isométrica.
- A proporción. Figuras semellantes. As escalas.
- Cómic. Elementos do cómic. Recursos utilizados no cómic. Angulación e planificación.

### **3º ESO EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL**

- Tanxencias entre rectas e circunferencias e circunferencias entre sí.
- Posicións entre circunferencias.
- Enlaces entre recta e circunferencia e circunferencias entre sí.
- A espiral. O óvalo e o ovoide.
- A cor pigmento, cores fundamentais, complementarias, cálidas e frías. A relatividade da cor.
- Formas modulares: Módulos e redes na natureza e no deseño.
- A mensaxe publicitaria, os seus elementos. Fundamentos e funcións da publicidade
- A linguaxe cinematográfica.
- Os sistemas de representación como recursos para representar o espacio no plano.
- O sistema diédrico. Fundamentos. Proyeccións de sólidos e corpos xeométricos no sistema diédrico.
- A perspectiva cabaleira e a isométrica.
- O sistema cónico. Fundamentos e elementos da perspectiva cónica.
- Introducción á perspectiva cónica frontal e á oblicua.

#### 4º ESO EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

- O debuxo do natural como recurso para expresar bidimensionalmente o noso entorno.
- Elementos gráficos no debuxo expresivo: o punto, a liña, a mancha, a textura, a cor.
- O claroscuro e o traslazo entre outros recursos gráficos na representación do volume e do espazo.
- A composición. O equilibrio no campo visual. Leis compositivas. As súas clases, sensacións e aplicacións.
- O ritmo. O ritmo modular, as súas variantes
- A cor e a luz como recursos compositivos.
- A imaxe estática. A fotografía.
- O procedemento fotográfico. O fotógrafo.
- A cámara fotográfica e a súa utilización.
- A imaxe en movemento. O cine. Elementos e momentos na elaboración dunha película.
- A fotomontaxe como medio de expresión.
- O deseño. A súa clasificación. A señalética: as súas características. O deseño de marcas: características e tipos. A tipografía: tipos e aplicacións. O deseño da identidade corporativa. A maquetación: os seus condicionantes e elementos. O cartel: os seus obxectivos, condicionantes e elementos. Transferencia de linguaxes: a ilustración. O envase e o envoltorio dun produto: o packaging.
- A escultura. Elementos plásticos da escultura. O volume e o tratamento do espazo. Tipos de volumen.

#### 4º ESO DEBUXO TÉCNICO

- Utilización e mantemento dos instrumentos de trazado.
- Utilización na práctica das normas industriais relativas ó Debuxo Técnico.
- Representación bidimensional do volume mediante os sistemas de representación da Xeometría Descritiva.
- Representación de corpos con planos oblíquos e curvos no sistema diédrico.
- Representación do alzado, planta e perfil de deseños industriais do entorno.
- Realización de croquis acoutados e delineados de obxectos do entorno.
- Representación de conxuntos mecánicos e despieces utilizando convencionalismos gráficos normalizados.
- Utilización de escalas en representacións de obxectos ou de figuras.
- Trazado de figuras planas e volumes en perspectiva isométrica.
- Trazado de figuras planas e de volumes en perspectiva cabaleira.
- Utilización da perspectiva cónica frontal e oblicua.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

En xeral, os criterios de cualificación van dirixidos a recompensar a continuidade no traballo, a formalidade nos compromisos de entrega e a seriedade e responsabilidade con que o alumno afronta a materia dentro do contexto xeral dos estudos da ESO. Por contra, penalizaranse as actitudes negativas como a desidia, a inconstancia, o traballar ou non segundo as apetencias ou gustos persoais, a informalidade, os comportamentos contrarios as normas de convivencia ou o abandono intencionado total ou parcial.

**Os traballos prácticos probas obxectivas e o caderno de clase** cualificaranse segundo os termos cualitativos ordinarios: do 1 ao 10. Haberá unhas notas de clase cualificadas cos signos + ou – en relación coa actitude, atención na clase, olvidos reiterados ou entregas extraordinarias. Os traballos entregados fora da data estipulada serán cualificados como Apto (equivalente a un 5) ou Non Apto (suspense quedando pendente a súa repetición- recuperación), establecéndose unha data tope de entrega por trimestre despois da cal non serán recollidos.

**A avaliación inicial** realizarase mediante cuestionario e observación directa na clase cualificándose nos términos seguintes: Mal, Regular, Ben e Moi Ben.

**As cualificacións periódicas** serán resultado de calcular a media aritmética, segundo a táboa de equivalencias numéricas, da cualificación das actividades prácticas, incluíndo a do caderno de clase. Sobre a media resultante terase en conta positiva ou negativamente, de cara á cualificación, a valoración cualitativa das actitudes, os procedementos e os conceptos ( suma de positivos e negativos). Poidendo mesmo chegar a determinar o suspense da avaliación periódica.

En caso de que un alumno tivese unha ou máis actividades ordinarias, de recuperación ou de reforzo, cuestionarios de consolidación de aprendizaxes ou o caderno de clase coa cualificación de Insuficiente ou a de Non Apto ou non entregase algún destes dentro das datas establecidas sen causa debidamente xustificada, será cualificado con Insuficiente no período de avaliación correspondente e terá que realizar as actividades de recuperación que se lle prescriban e nas condicións que se fixen para obter a cualificación positiva.

**As actividades para recuperar** os traballos prácticos e o caderno de clase cualificados con Insuficiente cualificaranse segundo os termos ordinarios si son entregados dentro do prazo estipulado e con Apto ou Non Apto se se entregan con retraso.

**A cualificación final ordinaria do curso** obterase partindo da media entre as tres cualificacións periódicas e tendo en conta positiva ou negativamente as valoracións cualitativas das actitudes, os procedementos e os conceptos.

En caso de que un alumno tivese unha ou máis actividades ordinarias, de recuperación ou de reforzo ou o caderno de clase coa cualificación de Insuficiente ou a de Non Apto ou non entregase algún destes dentro das datas establecidas como prazo último de entrega no curso sen causa debidamente xustificada, será cualificado con Insuficiente na cualificación final ordinaria e terá que presentarse na convocatoria extraordinaria de setembro para optar á cualificación de Suficiente.

**A proba da convocatoria extraordinaria de setembro** será cualificada con Suficiente (5) ou Insuficiente (1,2,3 ou 4), por seren avaliadas con arreglo ós contidos mínimos.

**A cualificación final de materias pendentes** só poderá ser de Insuficiente (1,2,3 ou 4) ou Suficiente (5).

Cualificaranse os seguintes aspectos:

Das actividades prácticas e as probas obxectivas:

- Nivel de comprensión conceptual
- Correcta realización dos exercicios
- Habilidade e destreza
- Imaxinación e creatividade
- Presentación, orde, limpeza e minuciosidade na atención ás medidas
- Traballo, esforzo e tempo invertido na realización dos traballos individuais e de grupo
- Puntualidade na entrega

Do caderno de clase:

- Claridade na exposición dos conceptos
- Presentación, orde e limpeza
- Correcta realización dos trazados
- Traballo voluntario e iniciativas persoais
- Puntualidade na entrega

Da actitude diaria na clase:

- Asistencia diaria sin faltas inxustificadas e traendo o material necesario
- Puntualidade
- Constancia, formalidade e honestidade no traballo
- Respeto ás normas de convivencia
- Participación e interés pola materia
- Actitude cara ós contidos da área e atención ás explicacións
- Fixación dos conceptos
- Progreso en habilidades e destrezas
- Coidado do material persoal, alleo e colectivo

Marisa Areal

Xefe do departamento de Educación Plástica e Visual.